



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



Estimada familia:

Na primeira reunión, do día 8 de novembro, quedou constituída a Xunta Electoral, cuxos nomes e apelidos dos/as compoñentes figuran no taboleiro de anuncios do Centro, aprobouse o seguinte Calendario Electoral, a fin de proceder á renovación dos membros do Consello Escolar do Colexio.

CALENDARIO ELECTORAL

O día 8 de novembro, na primeira reunión da Xunta Electoral apróbase a lista do censo electoral, dos/as pais/nais, titores legais, profesores, PAS e alumnado, que se atopa no vestíbulo do Colexio, a disposición dos que desexen consultala.

As reclamacións, aos censos electorais, serán os días 9,10 e 11 de novembro, deben dirixirse por escrito ao Director do colexio, que preside a Xunta Electoral.

As candidaturas poderanse presentar dende o día 11 de novembro ata o día 18 de novembro, rematando o prazo ás 14:30h.

O/a candidato/a debe facer constar os seguintes datos:

- Nome e apelidos.
- Número do DNI.
- Nome, curso do/a fillo/a de quen é pai/nai ou titor legal.

Entregarase na portería do colexio en sobre pechado.

A Xunta Electoral proclamará as/os candidatas/os o día 22 de novembro ás 18:00h. , este día se sortearán as persoas para estar na mesa electoral

As datas para presentar reclamacións contra os/as candidatos/as serán dende o 23 e 24 de novembro ata as 14:30 horas

A DATA PARA REALIZAR AS **VOTACIÓNS** É: O día 29 de novembro

CONSTITUCIÓN DAS MESAS E LECTORAIS: 15 minutos antes das votacións.

DISTRIBUCIÓN E HORAS:

- Pais/nais, titores legais de 8:30h a 10:30 e de 13:30 a 14:30 horas
- Profesorado ás 11:30h ata ás 12:30h
- Alumnado ás 10:15h
- PAS ás 13:00h

O Colexio disporá de papeletas co nome dos/as candidatos/as. O/a votante porá unha aspa (X) no lugar que indique ós candidatos que se elixen, ata un máximo de dous nomes.

Poden votar os dous proxenitores: pai/nai ou titor legal. No suposto de que a patria potestade se encontre conferida a un só dos proxenitores, só este será elector.

O voto será discreto, secreto e persoal, non admitíndose voto delegado, nin por correo.

Os/as votantes virán provistos do DNI, Pasaporte ou calquera outro documento oficial acreditativo.

A proclamación dos/as candidatos elixidos/as será o día 29 ás 18:00h. Os nomes dos/as candidatos elixidos expoñeranse no taboleiro de anuncios.

A reclamación ós/ás candidatos/as electos/as dende o 29 de novembro ás 9:00h ata o 1 de decembro ás 12:00h.

O día 1 de decembro ás 14:00 horas, proclamación definitiva dos/das candidatos/as electos/as para constituír o Consello Escolar do Centro. Figurarán no taboleiro de anuncios.

Vigo, 8 de novembro de 2022.

A XUNTA ELECTORAL